



blece en una cantidad fija por día, el período impositivo abarcará los días que figuren en el acuerdo de concesión de la autorización, devengándose la tasa el día de inicio de la utilización privativa o aprovechamiento especial.

Artículo 7º. Normas de gestión

1. El pago de las deudas tributarias correspondientes a la tasa por venta ambulante y por puestos y cestas de venta se realizará mediante la expedición de recibos en base al censo en el que figuran los sujetos pasivos de la presente tasa.

2. En los supuestos de ocupaciones temporales los sujetos pasivos están obligados a presentar la solicitud y abonar la autoliquidación de la tasa resultante en las entidades bancarias debidamente autorizadas, lo que se deberá acreditar en el momento de presentar la correspondiente solicitud.

Artículo 8º. Beneficios fiscales

1. Disfrutarán de una bonificación del 50% de la deuda tributaria los contribuyentes que inicien su actividad durante el primer trimestre desde la concesión de la autorización.

2. El beneficio fiscal se resolverá por acuerdo de la Junta de Gobierno Local previo informe del servicio correspondiente.

Artículo 9º. Infracciones y sanciones

Para todo lo relativo a la calificación de las infracciones tributarias y la imposición de las sanciones correspondientes, regirá lo dispuesto en los artículos 178 y siguientes de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.

Disposición derogatoria y final

La presente ordenanza aprobada por el Pleno de la Corporación deroga la normativa municipal y comenzará a aplicarse a partir de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, y se aplicará mientras no se acuerde su derogación o modificación.

Contra el presente acuerdo podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Lobios, 25 de noviembre de 2013. La alcaldesa.

Fdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

R. 4.714

Lobios

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non achegarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Régime Local.

Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar

1.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo

1.1- A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuge e a existencia de persoas conviventes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de

Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e Discapacidade, pola que se fai pública o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención a Dependencia, sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

1.2.- O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do Plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que se o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

1.3.- A capacidade económica das persoas usuarias calcularase en función á súa renda, e, se é o caso, do seu patrimonio. Teranse en conta ademais as persoas conviventes economicamente dependentes.

1.4.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

1.5.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberanse ter en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

1.6.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total das persoas que convivan no fogar.

1.7.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.8.- No caso de que a capacidade económica da persoas usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

1.9.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado.

2.- Obrigados/as ao pago:

Están obrigadas ao pago todas as persoas que acepten a prestación do servizo e o reciban, sexa cal sexa a súa modalidade.

Se o/a beneficiario/a carecera de capacidade de obrar, a dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, se é o caso, sobre quen exerza de feito o seu cuidado.



A obriga de pago nace dende o momento no que se inicie a prestación do servizo.

2.1.- Táboa de copagamento para persoas usuarias con grao e nivel de dependencia valorada, que se inclúan no calendario de implantación e teñan resolto o Plan individual de atención coa axuda a domicilio como recurso idóneo ou como respiro do coidor.

Grao I (Nivel I; nivel II); grao II (nivel I; nivel II); grao III (nivel I; nivel II)

Capacidade económica (referida IPREM); 20 horas; 30 horas; 40 horas; 55 horas; 70 horas; 90 horas

\leq ao do 100% do IPREM; 0%; 0%; 0%; 0%; 0%; 0%

\geq do 100% e \leq do 115% do IPREM; 4.52%; 6.56%; 8.59%; 11.42%; 14.47%; 18.09%

\geq do 115% e \leq do 125% do IPREM; 5.41%; 7.84%; 10.28%; 13.66%; 17.31%; 21.64%

\geq do 125% E \leq do 150% do IPREM; 5.55%; 8.05%; 10.54%; 14.01%; 17.07%; 22.19%

\geq do 150% e \leq do 175% do IPREM; 5.65%; 8.19%; 10.73%; 14.26%; 18.07%; 22.59%

\geq do 175% E \leq do 200% do IPREM; 5.72%; 8.30%; 10.87%; 14.45%; 18.31%; 22.89%

\geq do 200% e \leq do 215% do IPREM; 5.81%; 8.42%; 11.03%; 14.66%; 18.58%; 23.23%

\geq do 215% e \leq do 250% IPREM; 6.03%; 8.75%; 11.46%; 15.24%; 19.31%; 24.14%

\geq do 250% e \leq do 300% do IPREM; 6.24%; 9.05%; 11.86%; 15.76%; 19.97%; 24.97%

\geq do 300% e \leq do 350% do IPREM; 6.42%; 9.30%; 12.19%; 16.20%; 20.53%; 25.66%

\geq do 350% e \leq do 400% do IPREM; 6.54%; 9.485; 12.42%; 16.51%; 20.93%; 26.16%

\geq do 400% e \leq do 450% do IPREM; 6.63%; 9.62%; 12.60%; 16.75%; 21.22%; 26.53%

\geq do 450% e \leq do 500% do IPREM; 6.70%; 9.72%; 12.74%; 16.93%; 21.45%; 26.82%

Superior ao 500% do IPREM; 6.76%; 9.80%; 12.84%; 17.07%; 21.63%; 27.04%

* Aplicada sobre un custo de 12 €/hora. Polo tanto, se o servizo non se encadra dentro desta marxe de horas mensuais, aplicaríase a porcentaxe do mesmo xeito segundo as horas mensuais prestadas.

2.2.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación de catálogo as horas reais prestadas sexan inferiores á cantidad expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidad por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas do servizo.

2.3- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

3.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutr servizos que impliquen copagamento

3.1- Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrenza, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo con base no cál-

culo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido nesta ordenanza.

3.2- Táboa de copagamento para persoas usuarios do servizo de axuda no fogar como prestación básica libre concorrenza.

Capacidade económica; participación no custo do servizo de axuda SAF básico

Menor do 0,80% IPREM; 0%

Maior de 0,80% e menor ou igual a 1,50 IPREM; 20%

Maior do 1.50 e menor ou igual a 2,00 do IPREM; 35%

Maior do 2,00 e menor ou igual a 2,50 do IPREM; 55%

Maior do 2,50 do IPREM; 75%

* Aplicada sobre un custo de 12 €/hora. Polo tanto, se o servizo non se encadra dentro desta marxe de horas mensuais, aplicaríase a porcentaxe do mesmo xeito segundo as horas mensuais prestadas.

3.3- Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepción aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.4.- En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

4.- Importe da taxa

O importe por hora do servizo será revisable anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo que fixe o goberno.

Para este ano 2013 o importe por hora será de 12 €.

Esta ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación, derroga a normativa municipal e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

Contra este acordo poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lobios, 25 de novembro de 2013. A alcaldesa.

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

Anuncio de aprobación definitiva

Al no presentarse reclamaciones durante el período de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio de la modificación de la Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Prestación del Servicio de Ayudar en el Hogar, cuyo texto íntegro se publica, para su general conocimiento y de conformidad con el artículo 70.2 de la Ley 7 /1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

Precio público por la prestación del servicio de ayuda a domicilio.

1 - . Determinación de la capacidad económica de las personas usuarias del servicio.

1.1- La capacidad económica de las personas dependientes, valoradas con derecho reconocido de atención, mediante el servicio de ayuda en el hogar, se calculará en atención a su renta y, en su caso, a su patrimonio. Se tendrán en cuenta, además, la renta y patrimonio del cónyuge y la existencia de personas convivientes, económicamente dependientes. Para el cálculo de la citada capacidad económica, se observarán